

## Produción dunha reportaxe audiovisual (foto-reportaxe ou vídeo) sobre a poesía de amor

### 1. Que é o que cómpre facer.

Unha foto-reportaxe ou unha reportaxe en vídeo que aborde algúns aspectos da maneira de entender o amor e de componse poesía en determinadas épocas. Ocupará 2-3 páxinas / 2-3 minutos.

Algúns textos que poden servir de referencia son os seguintes:

- [As nais saen do armario e elevan a literatura galega](#) (reportaxe escrita, mais con importante peso dos elementos visuais)
- [Foto-reportaxe \*Se pecha Alcoa, nós tamén\*](#) [e [outra foto-reportaxe típica \(do The Guardian con presenza galega\)](#)]
- [As EBI no telexornal](#) ou [Cantigas de Santa María, por que en galego?](#) [e outras reportaxes máis longas en [Cinco reportaxes de Nós Televisión sobre a lingua galega](#) ou en [Canto sabes da nosa literatura? Cinco reportaxes de Nós Televisión sobre obras e figuras emblemáticas](#)]

### 2. Cales son os trazos xerais do xénero.

Sexa escrita, sexa audiovisual, unha reportaxe profunda nun tema de interese mediante a análise e a incorporación de diferentes perspectivas. A conexión coa actualidade desta proposta pode ser a (relativamente) recente aparición de varios discos que reactualizan as cantigas medievais, [como o de Laura Lamontagne e Pico Amperio e o de Xoán Curiel](#).

Para centrar as características deste xénero, recompílanse [neste cartafol diferentes apoios](#).

### 3. Que se precisa para planificar o texto.

Debemos cando menos:

a) **Centrar o tema.** Propóñense os seguintes:

1. A relación amorosa nos textos poéticos desde a Idade Media ata o século XIX: evolución da concepción do amor, presenza da persoa amada e/ou formas retóricas. [Só para grupos de 4 integrantes]
2. Contraste entre textos poéticos de dúas etapas diferentes: semellanzas e diferenzas na concepción do amor, na presenza da persoa amada e/ou nas formas e recursos estilísticos. [Para grupos de 3 ou 4 alumnos/as]
3. A perspectiva masculina e a feminina en determinados textos líricos de amor de dúas etapas diferentes: actitudes do falante lírico, temas e formas estróficas. [Para grupos de 3 ou 4 alumnos/as]
4. O amor cortés fronte a vivencia amorosa na cantiga de amigo: orixes, temáticas e recursos. [Para parellas ou de xeito individual]
5. O pulso do amor nos Séculos Escuros e a Ilustración: textos representativos, tópicos e formas. [Para parellas ou de xeito individual]

b) **Escoller as imaxes** que se consideren relevantes (de 3 a 6) e ordenalas, crear unha secuencia previa. [Neste cartafol](#) ofrécese unha cantidade máis que suficiente.

c) **Decidir o formato:** unha foto-reportaxe ou unha reportaxe audiovisual (en vídeo).

d) **Localizar os textos poéticos** que poden exemplificar a nosa presentación do tema e seleccionar algúns versos.

e) **Determinar que elementos se van locutar** (serán orais) no caso da foto-reportaxe: ou o núcleo expositivo ou (en lectura expresiva) os fragmentos poéticos que se usan de exemplo.


f) **Recompilar información** precisa e fiable a partir dos materiais da aula virtual e doutras fontes. Recoméndanse: [Literatura galega \(Marlou\)](#) e [Historia da Literatura galega \(ASPG\)](#)

#### 4. Como se estrutura e redacta o texto.

Os elementos imprescindíbeis serán (tanto por escrito como se se opta por crear un vídeo):

- Un titular e un subtítulo amplo ou unha entrada breve.
- Unha apertura ou introdución que intente captar a atención.
- Un aspecto central presentado como núcleo do corpo.
- Uns diferentes -relevantes e conectados- focos de atención.
- Exemplos poéticos (versos escollidos) escritos e/ou recitados.
- Un peche conclusivo ou suxestivo.

Para a foto-reportaxe propónse unha organización deste estilo:



#### 5. Como e cando se entrega.

A realización pode ser individual ou en pequenos grupos (ata 4 integrantes, coas condicións en relación ao tema sinaladas antes no apartado 3.a).

Tanto se é unha foto-reportaxe como se se trata dunha reportaxe en vídeo, ha entregarse mediante mensaxe de correo electrónico a [dplingua@gmail.com](mailto:dplingua@gmail.com). Ese correo comporase dunha (**só unha**) destas formas:

- con documentos anexos de texto e audio (preferibelmente pdf para a composición e mp3 para a gravación dos recitados ou do corpo),
- con ligazón pública a unha aplicación ou plataforma da rede (canva, flixiier, youtube...),
- cun arquivo de vídeo con extensión común (mp4, mov, etc.).

A data límite de entrega é o xoves 14 de decembro de 2023 (todo o día incluído).